

Estamento de Clubs:

- 1.- A.C.D. Albatros
(Representa: D. Miguel Angel Reboredo Otero)
- 2.- CDR Portas Abertas – Xadrez Verín
(Representa: D. Oscar Martinez Ferreira)
- 3.- Círculo Ferrolano de Ajedrez
(Representa: D. Juan V. Rodriguez Rey).
- 4.- Club de Ajedrez Escola Padrón
(Representa: D. Antonio Espiñeira Cajaraville)
- 5.- Club de Ajedrez Recatelo
(Representa: D. Antonio Nieto Velado)
- 6.- Club de Iniciativas Deportivas Universitarias
(Representa: D. Daniel Codesido Sanchez)
- 7.- Club de Xadrez Laroca
(Representa: D. Jose M. Fernández Rodríguez)
- 8.- Club La Algalia
(Representa: D. Jose Carlos Pena Torres)
- 9.- Club Xadrez Betanzos
(Representa: D. Julian Del Río Rey).
- 10.- Club Xadrez Brétema
(Representa: D. Jesús Rodríguez Pérez)
- 11.- Club Xadrez Fontecarmoa
(Representa: D. Manuel Suárez Vallejo)
- 12.- Club Xadrez Mos
(Representa: D. Brais Otero Nogueira)
- 13.- Escola Ferrolá de Xadrez
(Representa: D. Alexandre Rodríguez Sigler)

Estamento de Deportistas:

- 14.- D. Ángel Francisco Vilas Fernández
- 15.- D. Jose M^a Dorado Reboredo
- 16.- D^a. Mirian Gómez Andrés

Estamento de Adestradores:

- 17.- D. Diego A. Espiñeira González

Membros da Xunta Directiva:

- 18.- D. Gaspar Pérez Carnero (Presidente)

En Vigo, sendo ás 17:30 horas do 19 de Decembro de 2020, en segunda convocatoria, e coa asistencia dos asembleístas citados na marxe, e cá presenza do Sr. Presidente da Federación Galega de Xadrez celébrase a Asemblea Xeral Extraordinaria da FEGAXA, coa seguinte

Orde do Día:

1. Proxecto Deportivo competicións 2021: adaptación regulamentos ao Covid-19. Aprobación, se procede.
2. Orzamento 2021. Aprobación, se procede.

Publicada previamente na páxina web da Federación, iníciase a mesma seguindo os puntos da orde do día. Así mesmo, entrégase copia dos documentos aos asistentes e utilízase a proxección dos mesmos en pantalla.

Intervén como moderador D. Ángel Francisco Vilas Fernández (Vpte. FEGAXA).

Antes de comezar a Asemblea, o Sr. Presidente propón modificar a orden do día, comezando pola aprobación do orzamento 2021 (punto 2).

Votación unánime á proposta.

1. Orzamento 2021. Aprobación, se procede.

D. Gaspar Pérez Carnero expón o orzamento detallado por programas para o ano 2021:



ORZAMENTO DETALLADO POR PROGRAMAS.			
GASTOS		ORZAMENTO	
P.1.-	GASTOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO.	34.400,00 €	28,01%
1.-	Gastos de persoal.	28.800,00 €	
1.1.	Persoal administrativo,Seguridade Social, IRPF.	21.000,00 €	
1.2.	Asembleas,xuntas directivas,comisións delegadas e outras.	2.000,00 €	
1.3.	Dietas de directivos,administrativos,técnicos e outros.	5.800,00 €	
2.-	Gastos en bens correntes e servizos.	5.600,00 €	
2.1.	Correos e mensaxería.	700,00 €	
2.2.	Material de oficina.	900,00 €	
2.3.	Xestións páxina web e programas informáticos.	300,00 €	
2.4.	Telefono e internet.	800,00 €	
2.5.	Gastos de asesoría.	1.200,00 €	
2.6.	Gastos financeiros.	200,00 €	
2.7.	Primas de seguros.	900,00 €	
2.8.	Gastos de auditoría.	0,00 €	
2.9.	Outros gastos.	600,00 €	
P.3.-	CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SELECCIONS CSD.	7.000,00 €	5,70%
1.	Campionatos de España de Seleccións Sub-14, Sub-16.	7.000,00 €	
P.4.-	ACTIVIDADE DEPORTIVA ORDINARIA.	81.400,00 €	66,29%
1.	Campionatos galegos infantil e xuvenil.	6.000,00 €	
2.	Campionatos galegos prebenxamin,benxamin,alevin,cadete,absolutos.	14.000,00 €	
3.	Campionato Galego Individual Xadrez Rapido.	400,00 €	
4.	Campionato Galego Individual Xadrez Relampago.	400,00 €	
5.	Campionatos Provinciais.	2.900,00 €	
6.	Liga Galega,programas de xestion deportiva.	30.000,00 €	
7.	Copas Galicia de clubs.	1.000,00 €	
8.	Circuito Galego Escolar de Promocion.	1.500,00 €	
9.	Circuito Internacional Galego.	5.000,00 €	
10.	Participación deportistas nos Campionatos Internacionais.	1.000,00 €	
11.	Participación deportistas nos Campionatos de España.	9.000,00 €	
12.	Participación dos clubs nos Campionatos de España.	1.200,00 €	
13.	Participación das Seleccións galegas.	500,00 €	
14.	Outras actividades.	500,00 €	
15.	Adestramentos por internet.	5.000,00 €	
16.	Concentracións deportivas.	1.000,00 €	
17.	Outras actividades, fomento e promoción deportiva.	500,00 €	
18.	Cursos de Arbitros.	500,00 €	
19.	Cursos de Monitores-Adestradores.	500,00 €	
20.	Seminario de Arbitros e Adestradores.	500,00 €	
21.	Outros Cursos.	0,00 €	
P.6.-	OUTROS PROXECTOS DE ESPECIAL RELEVANCIA.	0,00 €	0,00%
GASTOS TOTAIS :		122.800,00 €	

INGRESOS		ORZAMENTO	
1.	Secretaría Xeral para o Deporte	55.177,00 €	44,93%
2.	Licencias individuais e cuotas de entidades Federadas	32.000,00 €	26,06%
3.	Cuotas de inscrición a Cursos e outros.	11.000,00 €	8,96%
4.	Campionatos e torneos.	20.000,00 €	16,29%
5.	Outros ingresos.	4.623,00 €	3,76%
INGRESOS TOTAIS :		122.800,00 €	

Existe unha redución no gasto de persoal, xa que pasaría a haber dúas persoas a media xornada.

No apartado Liga Galega, auméntase o gasto para o material COVID-19, xa que enviarase a cada clube: mascarillas, xel desinfectante personal, xel desinfectante de superficies, termómetros,...

Nos ingresos de licenzas individuais espérase unha redución dun 30%.



Non habendo dúbidas ao respecto, lévase a cabo a votación:

A Favor - 17 votos

Abstencións – 1 voto

2. **Proxecto Deportivo competicións 2021: adaptación regulamentos ao Covid-19. Aprobación, se procede.**

O Sr. Presidente presenta aos asistentes o proxecto deportivo 2021:

PROXECTO DEPORTIVO	-	2021
--------------------	---	------

P.3.- ACTIVIDADE DEPORTIVA ORDINARIA.
1. Participación das Seleccións galegas Sub-14, Sub-16 (Cto.España CSD).

P.4.- ACTIVIDADE DEPORTIVA ORDINARIA.
1. Campionatos galegos infantil e xuvenil.
2. Campionatos galegos prebenxamin, benxamin, alevin, cadete, absolutos.
3. Campionato Galego Individual Xadrez Rapido.
4. Campionato Galego Individual Xadrez Relampago.
5. Campionatos Provinciais.
6. Liga Galega programas de xestión deportiva.
7. Copas Galicia de clubs.
8. Circuito Galego Escolar de Promoción.
9. Circuito Internacional Galego.
10. Participación deportistas nos Campionatos Internacionais.
11. Participación deportistas nos Campionatos de España.
12. Participación dos clubs nos Campionatos de España.
13. Participación das Seleccións galegas.
14. Outras actividades.
15. Adestramentos por internet.
16. Concentracións deportivas.
17. Outras actividades, fomento e promoción deportiva.
18. Cursos de Arbitros.
19. Cursos de Monitores-Adestradores.
20. Seminario de Arbitros e Adestradores.
21. Outros Cursos.

Tamén expón unha modificación no regulamento Xeral de Competicións aumentando unha **Disposición Adicional:**

PRIMEIRA.

En situacións excepcionais declaradas como estados de alarma, pandemias sanitarias ou similares, facúltase a que polos distintos órganos federativos competentes coma a xunta directiva e/ou comisión delegada poidan regular os calendarios, formas e normas das diferentes competicións para que se poidan desenvolver da forma máis axeitada e axustada ao calendario oficial. Farase mediante normativas aprobadas por esta asemblea ou ditos órganos federativos previamente ás convocatorias de cada competición e publicada mediante as correspondentes comunicacións.

Non habendo ningunha dúbida, pásase á votación: apróbese por unanimidade.

Preséntase adaptacións, debido á situación actual sanitaria, para as competicións da tempada 2021.

TEMPADA 2021.

1.- XENERALIDADE: Desenrolar as competicións da tempada, dentro do posible axustándose o calendario oficial, modificando según as circunstancias de cada momento as formas, ritmos de xogo e condicións de cada competición.

Apróbese por unanimidade.



2.- CAMPIONATOS GALEGOS: Adaptar a súa celebración (ritmos e días de xogo, condicións,...) á situación de cada momento tratando de aproximarse o máximo posible aos calendarios oficiais. Se houberse prazas limitadas, a inscrición faríase por ránking seguido de orde de inscrición.

Aprobación por unanimidade.

3.- LIGA GALEGA: Tratar de axustarse as regulamentacións aprobadas según a assemblea ordinaria do presente ano.

- Normas relativas as inscricións nas competicións:
 - o Inscricións de equipos: durante o mes de Xaneiro. Durante este período, mediante circulares, informarase de todas as normativas e condicións tanto da competición como sanitarias e formas de actuación, sempre dentro dos protocolos aprobados para o xadrez.
 - o Competición: en todas as divisións cós grupos necesarios según os equipos inscritos, cun mínimo do 50%. Comezará tan pronto a situación o permita dentro das máximas normas de flexibilidade e adaptados os protocolos e normas sanitarias aprobadas en cada momento.
 - o Os ritmos e normativa da competición tratarase de respetar, se fose posible, o regulamento.
 - o Normativas (comunicaranse previamente as inscricións mediante circulares):
 - Publicación dos equipos por divisións según os resultados da pasada tempada e o aprobado na última A.X.O.
 - Inscrición on line no programa federativo. Cada club realizará a inscrición dos seus equipos en cada categoría.
 - Enténdese producida a renuncia a participar aos equipos que non se inscriban ou fagan renuncia expresa por escrito en tempo e forma.
- Normas sobre renuncias a participar na competición ou retirarse da mesma:
 - o Producida a renuncia ou retirada da competición, tanto por falta de inscrición ou renuncia expresa a participar, o equipoi será excluído da competición e quedará ao término da tempada na división inmediatamente inferior – computándose entre as prazas para o descenso nas bases da competición-.

A retirada do equipo durante a competición aplicarase o estipulado no regulamento Xeral de competicións.
- Normas relativas á clasificación final das competicións:
 - o Se por circunstancias de forza maior non se pode finalizar a totalidade da competición, considerarase finalizada sin ascensos nin descensos e sin gañadores de títulos, se non houberse disputado máis do 50% do total de xornadas do calendario da competición. Superado o 50% entenderase a clasificación existente nese momento da paralización final da competición consumándose os correspondentes efectos clasificatorios das bases da competición.
 - o Se non pudesen disputar tódolos equipos do mesmo grupo o mesmo número de encontros, contabilizaráanse, a efectos clasificatorios, os porcentaxes de puntos con respecto aos encontros disputados, sempre e cando o desfase entre os equipos non sexa de 2 encontros ou máis.



En base a estas normas, a FEGAXA desenvolverá, mediante circulares e comunicacións, as convocatorias das distintas competicións, adaptándose e modificándooas para adaptarse as limitacións sanitarias e de mobilidade de cada momento.

Tras presentar o punto 3, débatese sobre a Liga Galega.

Apróbase por unanimidade o mínimo do 50% para a celebración da competición.

D. Óscar Martínez Ferreira ve problemas á hora de inscribir aos equipos en cuestión da reserva da sala de xogo, xa que non se concreta as datas de celebración da Liga dando a entender que será en calquer momento do ano. E tamén habería que ter en conta aos xogadores profesionais que ten algúns clubs.

D. Jose Carlos Pena Torres expón dar máis flexibilidade nos horarios permitindo xogar os domingos ou que o equipo local decida o día e hora de xogo (o horario estipulado – sábado ás 17:00 horas e/ou o domingo).

D. Julián Del Río Rey expón reducir o ritmo de xogo a 60'+30''.

Debátese o tema xa que o problema serían para os xogadores con elo superior a 2200. Pero pódese reducir en Segunda e Terceira División; mantendo a 90'+30'' para División de Honra e Primeira División.

Tamén aprobase por unanimidade a flexibilidade á hora de establecer o día e hora de xogo se fora necesario polo número de equipos inscritos por un mesmo club.

D. Antonio Nieto velado propón realizar a Liga pero sen ascensos e descensos e que as incomparecencias avisadas con 24 horas de antelación sexan de 0 puntos. O resto das mesmas aplicárase o Regulamento Xeral de Competicións.

Propónse votar sobre o punto 3 (Liga Galega) xa con algunhas modificacións propostas e aumentar que as incomparecencias avisadas con 24 horas de antelación sexan de 0 puntos.

A favor – 13 votos

En contra – 1 voto

Abstencións – 3 votos

Ausencia – 1 asistente.

D. Jose Carlos Pena Torres pregunta quen determinará “causa de forza maior” á hora de suspender unha competición oficial.

En caso da suspensión da Liga Galega, fariase coma este ano, levaríase a Asemblea e sería ela quen determinara a non suspensión da mesma.

D. Carlos Pena Torres tamén propón realizar as Asembleas telemáticas xa que podería participar máis xente, menos gasto en desprazamentos e menos probabilidade de contaxio.

Ao non haber nada máis que tratar, levántase a sesión ás 19:30 horas.



D^a Raquel Calleja Modia
Secretaria FEGAXA



Vº e prace:



D. Gaspar Pérez Carnero
Presidente FEGAXA

